

**Reunión AC
IES Alexandre Bóveda (Vigo)
30-3-16**



A finais de maio virá ao centro Ana Mariño para falar da elaboración do Plan de Centro de AC no que se recollería todo o feito no centro en AC, documento a partir do cal se elaborarán os obxectivos de mellora... Non teño máis información ao respecto e xa vos avisarei da data



Traballo a realizar ata fin de curso (probablemente en torno á primeira semana de xuño)

Grupo de Introducción

👉👉 Elaborar un Plan de Equipo (como xa indicáramos)

Grupo de Xeneralización

👉👉 Continuar a facer Plans de Equipo e Diarios de sesións



***A continuación tedes un breve
resumo do que se tratou na
sesión do mércores 30 de
marzo no IES Alexandre Bóveda***



1º Hai unha secuencia ideal de estruturas?

Cada grupo e materia esixe a súa propia secuencia de estruturas e a medida nola irá amosando a práctica.




2º Cal debe ser a periodicidade dos Plans de Equipo?

- A periodicidade dos Plans de Equipo debe ser frecuente, pero esa frecuencia tamén depende da materia 🖱️🖱️ isto xenera que o profesorado do grupo fale entre si para, precisamente establecer dita frecuencia 🖱️🖱️ o cal tamén conduce á coordinación entre o profesorado incluso en máis aspectos que solo na AC.

- Vólvese repetir que os Plans de Equipo o son para o grupo-clase e que, polo tanto, a súa frecuencia tamén a marca cada grupo. Por iso é importante que a duración do Plan de Equipo sexa previamente pactada co grupo. Así mesmo o propio centro, cada nivel e, ás veces tamén cada tarefa, influirán na frecuencia de levar a cabo un Plan de Equipo.

- É importante que o Plan de Equipo se vaia introducindo cunha certa frecuencia e que o alumnado o adopte como unha actividade máis de AC.



3º A avaliación da AC

- A calificación de AC debe estar vinculada á nota de cada materia e cada avaliación.
- Deste xeito, o Plan de Equipo convírtese no instrumento de cualificación do estándar referido a traballo en equipo, que aparece no currículum de case todas as materias actualmente. Para levar a cabo a cualificación, o Plan de Equipo levará en correspondencia unha rúbrica. Dita rúbrica require unha modelización previa, é dicir, que o alumnado a coñeza previamente e a entenda.
- O obxectivo sería que todo o profesorado que fai AC nun grupo avalíe de xeito conxunto ao alumnado de dito grupo.